



## RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

**ASUNTO:** Aprobación das bases da convocatoria dunha bolsa para prácticas na Rede de bibliotecas municipais destinada a titulados universitarios

**EXPEDIENTE:** 2018/G003/000532

Estando o Concello interesado en manter a bolsa de prácticas na biblioteca pública municipal da Mediateca do Grilo (Cacheiras) destinada a titulados universitarios.

Vistas as bases elaboradas a estos efectos polo departamento de cultura do Concello, con data 19/06/2018.

Visto o certificado de intervención sobre a existencia de crédito suficiente e axeitado de 20/06/2018.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demás normativa aplicable,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Aprobar as bases da convocatoria dunha bolsa para prácticas na biblioteca pública municipal da Mediateca do Grilo (Cacheiras) destinada a titulados universitarios, que se incorporan como ANEXO, procedendo a súa convocatoria.

**Segundo.**- Publicar a presente na web oficial do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Terceiro.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado na data que figura á marxe.



## BASES DA CONVOCATORIA DUNHA BOLSA PARA PRÁCTICAS NA REDE DE BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DESTINADA A TITULADOS UNIVERSITARIOS

### 1. OBXECTO.

O obxecto da presente convocatoria é a concesión dunha bolsa para realizar prácticas nas tarefas que corresponden a un técnico relacionado coa biblioteconomía, a animación á lectura e á dinamización dunha biblioteca.

Entre estas tarefas inclúense a realización de carnés, a catalogación de fondos nos programas informáticos da rede, a xestión dos préstamos, a axuda á navegación polos postos informatizados, a programación, deseño e realización de actividades de animación á lectura no centro, etc.

As prácticas realizaranse na axencia de lectura Municipal de Cacheiras (Mediateca do Grilo) e baixo a supervisión do/da titor/titora que lle sexa asignado/a.

### 2. SOLICITANTES.

Poderán participar na convocatoria as/os titulados/as universitarios/as, licenciados/as, graduados/as en Historia, licenciados/graduados en Historia da Arte, licenciados/graduados en Biblioteconomía e Documentación ou Información e Documentación, licenciados/graduados en Humanidades / graduados en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, que cumpran os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitude da bolsa:

- que rematasen os seus estudos con posterioridade ó primeiro de xaneiro do 2015.
- que non fosen beneficiarios/as dalgunha outra bolsa remunerada de duración superior a 6 meses.
- que non conten con experiencia laboral en entidade pública ou privada directamente relacionada co obxecto desta bolsa.

Non poderán concorrer as persoas que incorran nalgúnha das causas de prohibición previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

### 3. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

As/os solicitantes deberán presentar a súa instancia de solicitud, acompañada da documentación pertinente, no rexistro xeral do concello de Teo.

O prazo de presentación solicitudes será de oito días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte á publicación da convocatoria da bolsa na web oficial do concello de Teo e no taboleiro de anuncios do Concello.

A presentación da solicitud suporá a aceptación das presentes bases e a declaración dos solicitantes de cumplir cos requisitos esixidos nas mesmas.

### 4. DOCUMENTACIÓN.

As/os solicitantes deberán presentar, en orixinal ou copia compulsada, a seguinte documentación para a admisión das/os mesmas/os:

- Instancia de solicitud para participar no proceso de selección dirixida ó alcalde- presidente do Concello en que constará o nome e apelidos, número de DNI, domicilio, teléfono e endereço electrónico a efectos de notificacións, segundo modelo incorporado ás presentes.
- Título académico esixido para acceder á bolsa, ou documento equivalente.
- Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 4.
- Vida laboral debidamente actualizada (máximo 6 meses).

As/os solicitantes poderán presentar a seguinte documentación a fin da valoración da mesma, de acordo co apartado 5 das presentes bases.

- Orixinal ou copia compulsada do expediente académico.
- Documentación acreditativa da formación complementaria available segundo o apartado 5.2 das presentes bases, en orixinal ou copia compulsada.

### 5. A CONCESIÓN DA BOLSA.

A concesión da bolsa efectuarase por resolución da alcaldía do concello de Teo, a proposta dunha comisión de valoración que estará presidida polo responsable da rede de bibliotecas de Teo, e da que formarán parte o responsable do arquivo municipal do concello de Teo e a técnica de cultura do concello de Teo.



Na selección do/da beneficiario/a da bolsa teranse en conta os seguintes aspectos:

**5.1 Expediente académico:** valoración máxima: 3 puntos. Valorarase segundo o seguinte criterio:

Nota media do título universitario co que se accede á bolsa:

CALIFICACIÓN	VALORACIÓN
5,0 - 6,9: Aprobado	1 punto
7,0 - 8,9: Notable	2 puntos
9,0 - 10: Sobresaínte	3 puntos

**5.2 Formación complementaria:** valoración máxima: 5 puntos

5.2.1. Máster, curso de experto ou especialización universitaria, curso de posgrado e diploma de estudos avanzados, en materia de biblioteconomía impartido por un organismo oficial, cun mínimo de 200 horas: 2 puntos.

5.2.2. Cursos de biblioteconomía, bibliografía, documentación, historia do libro e novas tecnoloxías aplicadas ás bibliotecas impartidos por organismos oficiais: máximo 1 punto:

- de 10 a 19 h de duración: 0,10 puntos por curso
- de 20 a 39 h de duración: 0,25 puntos por curso.
- de 40 a 60 h de duración: 0,50 puntos por curso.
- de 61 a 100 h de duración: 0,60 puntos por curso.
- de mais de 100 h de duración: 0,70 puntos por curso.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

**5.2.3 Cursos de informática:** máximo 2 puntos

- de 10 a 19 h de duración: 0,10 puntos por curso.
- de 20 a 39 h de duración: 0,25 puntos por curso.



- de 40 a 60 h de duración: 0,50 puntos por curso.
- de 61 a 100 h de duración: 0,60 puntos por curso.
- de mais de 100 h de duración: 0,70 puntos por curso.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas nin aqueles que non acrediten as horas lectivas

### 5.3 Entrevista curricular: valoración máxima: 2 puntos.

A resolución de concesión da bolsa publicarase no taboleiros de edictos e na páxina web do concello de Teo.

Contra a resolución de concesión, que porá fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no pazo de dous meses, ou ben, potestativamente, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes ámbolos dous prazos contados dende o día seguinte ó da notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente e permita a lei.

### 6. INCOMPATIBILIDADES.

Esta bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da/o bolseiro.

### 7. RELACIÓN DO BOLSEIRO CO CONCELLO DE TEO.

A concesión da bolsa non xera ningún tipo de vínculo laboral entre o Concello de Teo e a/o adxudicatario.

O Concello de Teo subscribirá ó nome da persoa titular da bolsa un seguro de asistencia sanitaria e un seguro combinado de accidentes.

### 8. REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

A/o candidato/a seleccionado realizará as prácticas na Mediateca do Grilo (Cacheiras).

O horario das prácticas será decidido polo responsable da rede de bibliotecas municipais en coordinación co tutor/titora consonte coas necesidades do servizo,



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

tendo en conta, no posible, as preferencias e capacidades expresadas pola/bolseiro.

A dedicación ás prácticas será de 30 horas semanais, que poderán ser distribuídas en xornada partida, sábados incluídos.

### **9. DURACIÓN DA BOLSA.**

A duración da bolsa será de 6 meses, podéndose prorrogar por outro período igual, a criterio da concellería de cultura, previo informe dos técnicos da rede de bibliotecas municipais.

### **10. DOTACIÓN ECONÓMICA DA BOLSA.**

A dotación da bolsa será de 700 euros brutos ó mes, ós que se lles aplicarán as retencíons que procedan.

### **11. PERDA DA CONDICIÓN DE BOLSEIRO/A.**

A condición de bolseiro extínguese ó rematar o período establecido no apartado 9, así como por renuncia do bolseiro.

O incumprimento por parte do bolseiro das obrigas a que se refiren as presentes bases serán causa da perda da bolsa para todos os efectos.

Establecese unha lista de agarda para, no caso de renuncia do titular ou perda da súa condición de bolseiro, nomear o seguinte candidato fixado na resolución da convocatoria.

Teo, 19 de xuño de 2018

A concelleira de cultura,

M.<sup>a</sup> del Pilar Pérez Fagil



## CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

### MODELO DE SOLICITUDE

“ D/D<sup>a</sup> ..... con DNI ( ou pasaporte) númer. .... con enderezo na rúa.....númer., código postal ..... localidade....., teléfono ..... e endereço electrónico .....

EXPÓN:

1º.- Que desexa participar na convocatoria dunha bolsa de prácticas para a rede de bibliotecas municipais de destinada a graduados/as e titulados/as universitarios/as, convocada polo Concello de Teo, publicada na páxina Web do concello o día .. /.. /....

2º.- Que reúne todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer, e en concreto declara responsablemente:

- que rematou os seus estudos con posterioridade ao primeiro de xaneiro do 2015.
- que non foi beneficiario/a dalgunha outra bolsa remunerada de duración superior a 6 meses.
- que non conte con experiencia laboral en entidade pública ou privada directamente relacionada co obxecto desta bolsa.
- que se compromete a aportar a documentación que se lle requira por parte do concello a efectos de acreditar a veracidade dos datos que declara.

3º.- Que achega a seguinte documentación en orixinal ou copia debidamente compulsada :

- DNI ou documento identificativo.
- Título académico esixido para acceder á bolsa, ou documento equivalente.
- Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 4.
- Vida laboral debidamente actualizada (máximo 6 meses).
- Documentación que considera available conforme á base 5 (especificar)

0

0

0

Polo que SOLICITA:

Que se teña por presentada esta solicitude e se lle admita para tomar parte na convocatoria.

..... a ..... de ..... de .....

(Sinatura)

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TEO**